

II XORNADA AGADIX

“A REALIDADE DA DISLEXIA”

**O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
E O ALUMNADO CON NECESIDADE
ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO**

Manolo Rei.

A Coruña, 11-12-2010

1. A DISLEXIA COMO CONDICIONANTE DO ÉXITO OU O FRACASO ESCOLAR:

- 1.1. A DISLEXIA E AS SÚAS MANIFESTACIÓNS.
- 1.2. O ALUMNADO COMO CENTRO DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE.

2. O TRATAMENTO DA DIVERSIDADE NA LOE. O ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO (ANEAE):

- 2.1. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS.
- 2.2. ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES.
- 2.3. ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA.
- 2.4. ALUMNADO CON CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS DESFAVORABLES.
- 2.5. ALUMNADO CON DIFICULTADES ESPECÍFICAS DE APRENDIZAXE.

3. A ORIENTACIÓN EDUCATIVA E PROFESIONAL COMO FACTOR DE CALIDADE:

- 3.1. A FUNCIÓN TITORIAL.
- 3.2. OS DEPARTAMENTOS DE ORIENTACIÓN.
- 3.3. OS EQUIPOS DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICOS.

4. A SENSIBILIDADE E COMPRENSIÓN DO ANEAE.

REFLEXIÓN INICIAL

23.5.2005 TEMA: LA CRISIS EN LA ENSEÑANZA

Guión: FARO Dibujo: C. DA COL

FARO = DA COL

¿POR QUÉ NO FUNCIONA EL SISTEMA EDUCATIVO?

ADMINISTRACIÓN

PROFESOR

PADRES

ALUMNO



PORQUE LA ADMINISTRACIÓN DESCONFÍA DE LOS PROFESORES

PORQUE EL PROFESOR DESCONFÍA DE LA ADMINISTRACIÓN.

PORQUE LOS PADRES DESCONFÍAN DE LA ADMINISTRACIÓN Y DE LOS PROFESORES


...Y PORQUE LOS ALUMNOS NO DESCONFÍAN DE NADIE PORQUE TANTO LES DA TODO

¡DONCS AMB AQUESTA FARINA HEM DE FER EL PA

PUES CON ESTA HARINA TENEMOS QUE HACER PAN

FARO

REFLEXIÓN INICIAL



Federación Española de Dislexia (FEDIS):

Dislexia é un **trastorno neurobiolóxico** que ocasiona gran parte dos fracasos escolares, pois **ocasiona dificultades na lectura** (omisións, inversións, rotacións, substitucións, adicións, repeticións, non comprensión, ...), **na escritura** (omisións, inversións, rotacións, substitucións, adicións, erros ortográficos, ...), **na orientación espacial e temporal** (dificultades de coordinación, dificultades no esquema corporal, ...) , mesmo **no cálculo e na lóxica matemática** (sobre todo na comprensión de problemas). Sen embargo, o alumnado disléxico ten unha **gran capacidade de observación e de curiosidade**, moi **boa memoria a longo prazo**, **gran creatividade**, etc.

A DISLEXIA COMO CONDICIONANTE DO ÉXITO OU O FRACASO ESCOLAR:
A DISLEXIA E AS SÚAS MANIFESTACIÓNS. 2

A dislexia **non vai asociada a outras discapacidades**, nin pode deberse a situacións de desescolarización, ausencia de estimulación ou ensinanza inadecuada. O alumnado disléxico **ten afectadas**, fundamentalmente, **as vías informativas da lectura e da escritura** (elementos moi usados no proceso de ensinanza), non outros sistemas neuronais.

A **dislexia** non é un retraso ou trastorno do desenvolvemento, **é unha disfunción cerebral.**

A DISLEXIA COMO CONDICIONANTE DO ÉXITO OU O FRACASO ESCOLAR:
A DISLEXIA E AS SÚAS MANIFESTACIÓNS. 3

Ao alumnado disléxico **non lle serve a metodoloxía “tradicional”** (explicación xeral e única, exercicios de aplicación uniformes, resolución escrita no tempo indicado, procedementos de avaliación -exames- “estandarizados”, etc.).

A identificación (valoración) deste alumnado **non significa exclusión nin etiquetado**, supón a oportunidade de adaptación da metodoloxía educativa ás súas circunstancias, asegurar unha provisión educativa adecuada á súa forma de ser e de aprender.

**A DISLEXIA COMO CONDICIONANTE DO ÉXITO OU O FRACASO ESCOLAR:
O ALUMNADO COMO CENTRO DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE. 1**

A diversidade que nos caracteriza ten que producir cambios na escola, que debe asumir que **alumnas e alumnos diferentes** deben educarse **xuntos**, construír a súa propia aprendizaxe, **aprender cooperativamente** e cos recursos compensadores necesarios.

Philippe Perrenoud (2008):

Na escola, extensión da sociedade, funciona unha xerarquía de excelencia que se traduce en **diferentes niveis de aproximación** á norma. E a esa xerarquía contribúen: o currículo, os programas das materias, as actividades e a avaliación.

A DISLEXIA COMO CONDICIONANTE DO ÉXITO OU O FRACASO ESCOLAR:
O ALUMNADO COMO CENTRO DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE. 2

A competencia APRENDER A APRENDER indica quen é o centro da aprendizaxe. E isto supón axudar ao alumnado (**profesorado mediador**) a identificar e desenvolver as súas habilidades (equilibrio entre intelixencia racional e intelixencia emocional, que di Goleman -2006-).

A aprendizaxe significativa céntrase en **cada alumna e alumno**, que é **quen aprende**, coa mediación do profesorado e doutras persoas e con variados recursos (Ontoria -2006-).

A DISLEXIA COMO CONDICIONANTE DO ÉXITO OU O FRACASO ESCOLAR:
O ALUMNADO COMO CENTRO DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE. 3

As **aulas** teñen que ser **espazos** de implicación, autocoñecemento, autonomía, comunicación e **socialización** (Aldámiz-Echevarría -2000-).

Estratexias que conducen á **significatividade** da **aprendizaxe** e facilitan a construción do propio coñecemento:

- Propostas significativas para o alumnado.
- Gradación do nivel de axuda.
- Realización grupal (cooperativa).
- Espazos para a autonomía.
- Análise e valoración do aprendido.
- Debates sobre os procedementos e os resultados.
- Etc.

O TRATAMENTO DA DIVERSIDADE NA LOE. O ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO (ANEAE) 1

A LOE desenvolve o principio da equidade, inclusión e non discriminación (segundo principio) no título II (equidade na educación), pero faino coa pretensión de **axustar a intervención e os recursos educativos ás circunstancias de cada quen**, non para clasificar ou identificar aos que se alonxan da “normalidade”.

A LOE refírese ao **ANEAE** como alumnos e alumnas aos que non lles abonda coa intervención educativa ordinaria, que **necesitan algo diferente**, establecendo **cinco grandes categorías**:

O TRATAMENTO DA DIVERSIDADE NA LOE. O ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO (ANEAE) 2

1. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS:

Alumnado con **discapacidade** (física, psíquica ou sensorial) ou con **trastornos graves de conduta**.

2. ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES:

Alumnado que **aprende** moi **facilmente**, que ten moita **imaxinación** e **creatividade**, que **razoa** moi ben as cousas.

3. ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA:

Alumnado que se incorpora de sistemas educativos doutros países, que se escolariza tardiamente.

4. ALUMNADO CON CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS DESFAVORABLES:

Alumnado de minorías étnicas, de sectores sociais e/ou culturais moi desfavorecidos.

5. ALUMNADO CON DIFICULTADES ESPECÍFICAS DE APRENDIZAXE:

- Alumnado que presenta un **rendemento insatisfactorio** fronte ao que cabe esperar (ausencia de discapacidade, correcta estimulación familiar, adecuado potencial de aprendizaxe, bo compromiso individual, ...).
- Dentro dese alumnado que non funciona segundo a norma está o alumnado **disléxico**. Tamén o que presenta dificultades na ortografía (disortografía), nos trazos (disgrafía), no cálculo (discalculia), etc. Son os learning disabilities que cita Andrés Suárez (1996).

A ORIENTACIÓN EDUCATIVA E PROFESIONAL COMO FACTOR DE CALIDADE. 1

A LOE establece a **orientación** como un **factor** que favorece a **calidade** do ensino (artigo 2.2).

A **orientación** educativa e profesional desenvólvese en **tres niveis**:

1. A NIVEL TITORIAL:

A orientación educativa, académica e profesional de alumnado é indisociable da función docente (artigo 91 da LOE).

A ORIENTACIÓN EDUCATIVA E PROFESIONAL COMO FACTOR DE CALIDADE. 2

2. A NIVEL INTERNO DOS CENTROS: OS DEPARTAMENTOS DE ORIENTACIÓN:

- É un **servizo especializado** de orientación.
- **Está ao servizo** do **profesorado**, do **alumnado** e das **familias**, polo que o orientador ou orientadora pode recibir demandas deses sectores.
- Existen **dúas formas básicas de intervención** do orientador ou orientadora, moi diferentes:
 1. Por **programas**, que teñen unha finalidade preventiva e abarcan a todos e a todas. A prevención supón deseñar e poñer en marcha programas colectivos.

A ORIENTACIÓN EDUCATIVA E PROFESIONAL COMO FACTOR DE CALIDADE. 3

2. Por **demanda**, que teñen unha finalidade reactiva e individual. Neste caso, a orientadora ou o orientador debe establecer uns protocolos para o profesorado, para o alumnado e para as familias. O ideal sería que as demandas se derivasen sempre a través do profesorado titor, pero non sempre é así.

Exemplo dun protocolo para familias e outro para profesorado

.O normal é **que** tanto dos programas como das demandas **se informe ás familias**. Nas demandas, as familias deben ser unha fonte de información e unhas destinatarias da información.

A ORIENTACIÓN EDUCATIVA E PROFESIONAL COMO FACTOR DE CALIDADE. 4

- Froito de cada avaliación psicopedagóxica (individual) o orientador ou orientadora debe trasladar ao correspondente **informe (psicopedagóxico)**, cando menos: a súa valoración, as necesidades educativas que presenta a alumna ou o alumno e as orientacións para a intervención (re)educativa. No caso da **dislexia**, sería necesaria unha **intervención multidisciplinar** (**neuropsicolóxica** -identifica se a dificultade se debe a retraso no desenvolvemento ou a unha disfunción cerebral- e **psicopedagóxica** -aborda información do alumno ou alumna, do contexto escolar e do contexto familiar-).

A ORIENTACIÓN EDUCATIVA E PROFESIONAL COMO FACTOR DE CALIDADE. 5

3. A NIVEL EXTERNO DOS CENTROS: OS EQUIPOS DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICOS.

Son equipos de **ámbito provincial**, con profesionais **especializados** (audición e linguaxe, discapacidades motoras, discapacidades sensoriais, orientación vocacional e profesional, sobredotación intelectual, traballo social, trastornos xeneralizados do desenvolvemento, trastornos de conduta).

Interveñen, maioritariamente, por demanda dos centros ou da propia Administración.

A SENSIBILIDADE E COMPREENSIÓN DO ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO. 1

Tanto para o ANEAE, en xeral, como para co alumnado disléxico, en particular, resulta básico:

- A **identificación** e/ou recoñecemento da dificultade.
- A **comprensión** da dimensión real da dificultade e das súas consecuencias.
- A adaptación dos **materiais** (textos curtos, con poucas explicacións escritas; subliñados; esquemas; etc.).

A SENSIBILIDADE E COMPREENSÓN DO ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO. 2

- A adaptación da **metodoloxía** (avance da tarefa, variadas explicacións, modelado, asegurar a comprensión da tarefa, simultanear o verbal co visual, instrucións fragmentadas, aprendizaxe cooperativa, uso de recursos facilitadores -calculadora, mapas, ...-, incremento dos tempos, reforzos positivos, prácticas adicionais, etc.).
- A adaptación da **avaliación** (probos orais e con materiais de apoio, valoración da resposta e non da ortografía, adaptación dos tempos, ...).
- O **apoio** do profesorado de PT e/ou AL.
- O uso do **RE** e/ou da **AC**.



MOITAS

GRAZAS

A TODAS

E A TODOS

NORABOIA AGADIX